

## Recomendacións de uso

Para acceder ao servizo da rede WiFi REDondela o único requisito é ter un dispositivo (computador portátil, PDA, teléfono móbil, etc.) que posúa tarxeta de rede sen fíos compatible con algún dos estándares recollidos na norma 802.11. Así mesmo ha de dispor dun navegador web común (Mozilla Firefox, Microsoft Internet Explorer,...). É necesario que o dispositivo estea no radio de alcance das antenas.

Ademais para o uso da rede WiFi REDondela establécense as seguintes recomendacións de uso:

- ④ Instalación de antivirus (aínda tendo Sistemas Operativos pouco afectados ante estes).
- ④ Instalación de firewall.
- ④ Non comparta cartafol con contidos relativos a Datos de Carácter Persoal.
- ④ Non utilice a rede WiFi de Redondela para descargas masivas.
- ④ Se é pai ou nai, exerza o control parental ante os seus fillos e fillas para a conexión a Internet.
- ④ Infórmese sobre os diferentes delitos telemáticos e as súas consecuencias (enumerados na web do Grupo de Delitos Telemáticos da Garda Civil).

## Contacto

Habilitase o correo electrónico [wifi@redondela.es](mailto:wifi@redondela.es) para poder enviar as dúbidas, queixas ou suxestións acerca da rede WiFi REDondela.



CONCELLO DE  
REDONDELA



Fondo Europeo de  
Desarrollo Regional  
"Una manera de hacer Europa"



# WIFI REDondela

Instalación de  
puntos de acceso wifi  
nos centros sociais do  
Concello de Redondela

## WIFI REDondela



# WiFi Redondela

A rede WiFi de Redondela é un servizo de comunicacións que resulta **gratuito** para as persoas usuarias final, e que permite, facendo uso de portátiles, PDAs ou smartphones, a conexión a Internet para unha navegación simple nos Centros Sociais e Culturais do Concello, así como na zona da Xunqueira, na Alameda e parte do río Pexegueiro.

## Proceso de solicitude de alta para persoas usuarias

O acceso ao servizo da rede WiFi Redondela está condicionado a un rexistro previo e gratuito. As altas das persoas usuarias poderanse facer directamente nunha oficina habilitada para este trámite no edificio Multiusos da Xunqueira (Paseo da Xunqueira, S/N).

Cubrírase unha solicitude que deberá presentarse na oficina habilitada no edificio Multiusos A Xunqueira, achegando fotocopia do DNI do/a solicitante, xunto co orixinal para a súa comprobación. A folia de solicitude poderá recollerse in situ ou descargarse a través da páxina web do Concello de Redondela ([www.redondela.es](http://www.redondela.es)).

No caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade deberá presentar, ademais, a autorización do pai, nai ou titor/a xunto coa fotocopia do DNI do/a mesmo/a. Se o/a solicitante é menor de idade e non posúe DNI, deberá achegar fotocopia do libro de familia xunta ao orixinal para a súa comprobación.

Unha vez completado o proceso de rexistro, a persoa solicitante recibirá unha clave de usuario/a e un contrasinal para poder usar a rede.



## Condicións de acceso

A rede WiFi Redondela limita este servizo ás condicións que establece a CMT (Comisión do Mercado das Telecomunicacións) para este tipo de redes. Por tanto, as características máis destacadas da rede WiFi Redondela serán as seguintes:

- Ⓜ Ancho de banda limitado. O acceso ten limitada a velocidade de descarga a 256Kbps (según circular 1/2010 da CMT). Rede operativa de luns a domingo con cobertura limitada á localización dos puntos de acceso e cun horario de prestación diferente en función do tipo de sede dende onde se faga a conexión.
- Ⓜ Navegación ilimitada en tempo, salvo en altas temporais concibidas para turistas e visitantes, para os que se crearán perfís con caducidade.
- Ⓜ P2P inhabilitado. Só permitidos os protocolos http (80), https (443), smtp (25), pop3 (110), imap (43), ftp (20), e cun filtro de contidos habilitado.
- Ⓜ Rexistro de actividade dos usuarios. O Concello de Redondela resérvase a posibilidade de dar de baixa temporal ou definitiva a calquera persoa usuaria que poida realizar un uso inadecuado do acceso a internet a través da Rede WiFi Municipal. O acceso ao servizo WiFi Redondela está condicionado a que as persoas usuarias acepten as condicións de uso do servizo.
- Ⓜ O servizo está orientado á navegación por internet e, por tanto, o acceso a páxinas ou servizos con contido que se poida considerar eticamente dubidoso atópase restrinxido. O bloqueo de contidos comunícarase ás persoas usuarias mediante un aviso nunha páxina de excepción do servizo WiFi Redondela. No caso de que as persoas rexistradas non estean de acordo con algunha decisión de bloqueo, poderán utilizar o servizo de queixas que o Concello de Redondela habilita para tal fin.

## Localizacións e alcance da conectividade

ID	Localización
01	Edificio Multiusos da Xunqueira
02	Alameda
03	Praza da Rúa Alfonso XII
04	Río Pexegueiro
05	Centro Social de Cesantes
06	Centro Social de Ventosela
07	Centro Social de Cabeiro
08	Centro Social de Vilar de Infesta
09	Centro Social de Saxamonde
10	Centro Social de Cedeira
11	Centro Social de Reboreda
12	Centro Social de San Estevo de Negros
13	Antiga Escola Unitaria de Saxamonde
14	Centro Social de San Vicente de Trasmañó
15	Centro Social do Viso
16	Edificio Multiusos de Chapela

Os puntos de acceso WiFi posibilitan a cobertura no interior dos Centros Sociais aquí enumerados. Así mesmo, preséntase unha cobertura teórica dentro dun radio que vai de 200 a 300 metros ao aire libre nas localizacións anteriores. Estes datos poden variar bastante segundo as condicións ambientais e físicas do lugar (obstáculos, interferencias, etc.).

## Custo para as persoas usuarias

O servizo municipal da rede WiFi Redondela é totalmente gratuito. Os custos de dispositivos WiFi, como portátiles, PDAs, móbiles, tarxetas de rede sen fíos, antenas para equipos móbiles ou outros accesorios necesarios para a conexión son por conta dos usuarios e usuarias.